



ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO PLENO CELEBRADO O PASADO DÍA 26 DE XANEIRO

1.- O aspecto que presenta durante case todo ano a explanada que se ubica na zona do Ramal é de total abandono atopándose chea de socavóns alcanzando algúns deles unhas dimensións tales que cando chove acaban formándose auténticas balsas de auga o que moitas veces impide que as persoas que se dirixen ao paseo marítimo poidan atravesar por alí, polo que o Grupo Municipal do BNG solicita ao Goberno Local para que faga as xestións oportunas co organismo con competencias sobre este espacio a fin de que se realice unha actuación de mellora do estado que presenta esta explanada.

2.- Non hai moito tempo se remodelou a fonte pública que se atopa na Praza Maior de Castrogudín, sendo moitos veciños os que se abastecen da súa auga e que, por tanto, acuden ata este lugar día tras día, sendo numerosas as queixas que nos fixeron chegar ante a colocación dos contenedores do lixo xusto a carón da citada fonte, polo que o Grupo Municipal do BNG solicita que se adopten medidas de protección e hixiénicas sobre este ben público estudando un nova ubicación para estes contenedores evitando así tanto o risco de contaminación das augas como o cheiro que veñen soportando os veciños cada vez que acuden ao lugar.

3.- Outra das cuestións prantexadas polo Grupo Municipal do BNG foi o requerimento ao Goberno Local para que esixa ás empresas instaladoras de servizos (teléfono, gas, etc.) a inmediata reposición das rampas que quedan desfeitas a consecuencia das obras e que impiden o tránsito das persoas con dificultade de mobilidade. Poñemos como exemplo o caso da Rúa Arzobispo Xelmírez, á altura do inmovible núm. 4, entrada lateral ao Supermercado Froiz).

4.- Outro dos rogos feitos polo BNG ía referido á necesidade de revisar a sinalización de tráfico que queda sin efecto tras a realización das respectivas modificacións. É o caso da rúa Ramón y Cajal que conflúe coa Praza Ravella, de xeito que se invirta a “preferencia de paso” (ceda) para favorecer á moito máis grande cantidade de vehículos que circulan pola Praza.

5.- E por último, este Grupo preguntou pola situación do deslinde físico que está pendente entre o monte da parroquia de Cea e o monte da Parroquia de Saiar. A resposta do Goberno Local foi que, a raíz da nosa pregunta, seguirán insistíndolle ao Instituto Nacional Xeográfico que foi quen quedou de facer o deslinde. Ante esto convertimos pois a nosa pregunta nun rogo para que así se faga.

Vilagarcía, a 27 de xaneiro de 2006.